



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CARBALLO

*Modificación Ordenanza fiscal nº 4 imposto sobre construccions, instalacions e obras*

##### ANUNCIO

O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria do luns, 27 de marzo do 2023 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal nº 4 do Concello de Carballo, reguladora do Imposto sobre Construccions, Instalacions e Obras, consonte á redacción do texto que se incorpora como Anexo a esta proposta.

2º.- Proceder á exposición pública do acordo de modificación da devandita Ordenanza durante un prazo de 30 días hábiles, a contar desde a inserción do anuncio da súa aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia, para a interposición de alegacións. De non se teren presentado alegacións, a modificación da Ordenanza considerárase tacitamente aprobada, sen necesidade de novo acordo plenario, e entrará en vigor, unha vez publicado o anuncio de aprobación definitiva da mesma, xunto co texto íntegro da modificación operada na Ordenanza, ao día seguinte ao da publicación do anuncio de aprobación definitiva no B.O.P.

O expediente estará a disposición dos interesados durante o período de exposición pública nas dependencias do Concello, e, ao tempo, o texto da ordenación proposta poderase consultar na web corporativa do concello [www.carballo.gal](http://www.carballo.gal), na sección de Avisos de Carballo ao día.

Carballo, 3 de abril do 2023.

O ALCALDE,

Asdo: Evencio Ferrero Rodríguez

2023/2462